



INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 150/2012, DO 12 DE XULLO POLO QUE SE APROBA O ESTATUTO DA AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAS CULTURAI.

Esta dirección xeral recibe o 18/11/2019 o escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, no que solicita o informe sobre o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 150/2012, do 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Industrias Culturais.

Xunto coa solicitude achéganse as memorias xustificativa e económica e unha nova versión do texto do proxecto de decreto para a emisión do informe.

Facer constar que o texto inicial remitiuse para a emisión do correspondente informe o 2/5/2019. Nesta proposta inicial se solicitaba así mesmo, que este centro directivo se pronunciara sobre a necesidade de convocar á comisión de persoal, de conformidade co artigo 42.8 da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non consta o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de conformidade co establecido no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así mesmo non consta a táboa de equivalencias dos postos de traballo afectados polos cambios ou modificacións previstas no decreto obxecto de informe.

De conformidade co establecido no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) que establece que de tratarse de proxectos que afecten a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou o réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, requirirase o informe favorable da consellería, ou das consellerías, con competencia en materia de administracións públicas e emprego público, e do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, emítese o seguinte:

INFORME

Primeiro. Mediante o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, apróbase o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (DOG Núm. 135, do 16 de xullo de 2012).

Dita Axencia figura adscrita orgánica e funcionalmente á consellería con competencias en materia de cultura da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo.

Segundo. O texto do proxecto de decreto obxecto deste informe formula realizar as





seguintes adaptacións na estrutura orgánica da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)

Ditos cambios xustificanse de conformidade co disposto na memoria xustificativa remitida pola consellería que literalmente indica:

“Os cambios producidos na contratación pública coa aprobación da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a necesidade de impulsar máis o sector musical desde Agadic e a inclusión do Centro Galego de Artes da Imaxe nos Estatutos de Agadic, que non se fixera coa súa transferencia, son os motivos fundamentais para que sexa necesaria a modificación dos estatutos e da estrutura orgánica, sendo os fins a perseguir fundamentalmente con ela os seguintes:

- a) *A creación **dun novo departamento de Coordinación Xeral e Xerencia**, con nivel orgánico equivalente ao de subdirección xeral e dependencia directa da persoa titular da Dirección da Axencia, encargado da supervisión dos distintos departamentos da Axencia e do funcionamento dos servizos comúns, apoio xurídico, asistencia á dirección na elaboración do plan de acción anual sobre a base dos recursos dispoñibles e de acordo co contrato plurianual de xestión, na elaboración e tramitación do anteproxecto anual de orzamentos, a xestión económica dos convenios e das convocatorias de axudas, xestión dos expedientes de contratación e a xestión patrimonial da Axencia, así como de todas as directrices en materia de persoal e aqueles asuntos que pola súa natureza lle sexan encomendados.*

Esta nova estrutura está amparada pola competencia exclusiva que os artigos 148.1º.1 da Constitución española e 27.1º do Estatuto de autonomía de Galicia lle atribúen á Comunidade Autónoma galega para organizar as súas institucións de goberno e atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, conforme co disposto no artigo 103.1º do texto fundamental, deben presidir a actuación administrativa.

- b) *A inclusión no **departamento de Política Audiovisual do Centro Galego de Artes da Imaxe**, como unidade que se encargará da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego, dado que a súa incorporación produciuse cos Estatutos da Agadic xa en vigor, e non estaba reflectido na estrutura orgánica.*
- c) *O **cambio de denominación e funcións do Departamento de Producción Coreográfica** que pasa a chamarse **Departamento de Música e Danza**, máis acorde cos seus cometidos.*
- d) *A **modificación das funcións da coordinación do Departamento de Producción Teatral** que inclúen a elaboración da proposta do plan de programación anual do Centro Dramático Galego, a selección das compañías artísticas ou produtoras, e a participación nos procesos de selección dos artistas que así o requiran. Engadir por último, que esta regulación vai dar unha resposta máis adecuada ao momento*





vixente adaptando os Estatutos da Axencia Galega das Industrias Culturais á realidade actual, polo que se fai necesaria a modificación proposta.

Cuarto.- As modificacións formuladas con respecto a estrutura actual, son as seguintes:

Creacións:

DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO	NIVEL/ CATEG.
<i>Coordinación Xeral e Xerencia</i>	A1	30

Amortizacións:

Para o financiamento desta nova unidade propónse a supresión do seguinte posto de traballo, vacante desde o 31 de agosto de 2019 por xubilación do ocupante :

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL/ CATEG.	OBSERVACIÓNS
CU.A19.40.901.15001.079	XASTRE/A	IV	24	Disponibilidade horaria

Suprímese así mesmo a dotación económica existente de **Director do Centro Galego de Artes da Imaxe**, unidade que se adscribe ao Departamento de Política Audiovisual.

Por conseguinte, este centro directivo, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe, informa **favorablemente** coas **consideracións que mais abaixo se indican** o proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 150/2012, do 12 de xullo polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Industrias Culturais.

Consideracións:

1º. No texto do proxecto de Decreto deberá indicarse que o novo **“Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia”** atoparase **exclusivamente provisto con persoal funcionario**, tendo en conta o seu contido funcional puramente administrativo, xurídico e de contratación, de conformidade coa Lei de emprego Público de Galicia (artigo 22) que determina as “funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario”:

“1. Correspóndelle exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

2. En virtude do previsto na alínea anterior, as relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario:

a) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal. En particular, enténdese que implican exercicio de autoridade as funcións de policía administrativa, salvo as excepcións que se poidan establecer por norma con rango de lei.

b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control. En particular, quedan reservados ao persoal funcionario aqueles postos





con funcións que impliquen a realización de tarefas de fiscalización interna e control da xestión económico-financeira e orzamentaria.

c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesouraría.

d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.

e) Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.

f) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.

3. Os demais postos de traballo nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei serán desempeñados con carácter xeral por persoal funcionario, sen prexuízo do disposto pola alínea terceira do artigo 26”.

2º. Indicar que este proxecto de modificación dos Estatutos da Axencia deberá negociarse coas organizacións sindicais e aprobarse pola Comisión de persoal tendo en conta que os seguintes cambios, “poden ter repercusións sobre as condicións de traballo dos empregados públicos” (art.153 Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia):

O cambio de denominación e funcións do Departamento de Producción Coreográfica que pasa a chamarse Departamento de Música e Danza;

A modificación das funcións da coordinación do Departamento de Producción Teatral que inclúen a elaboración da proposta do plan de programación anual do Centro Dramático Galego, a selección das compañías artísticas ou produtoras e

a inclusión no departamento de Política Audiovisual do Centro Galego de Artes da Imaxe, como unidade que se encargará da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego, dado que a súa incorporación produciuse cos Estatutos da Agadic xa en vigor, e non estaba reflectido na estrutura orgánica.

3. Deberá modificarse a **Relación de posto de traballo** do Agadic para adoitar os postos de traballo aos cambios indicados, xa que para a financiación da estrutura proposta, estase amortizando un posto de traballo desta, de nivel orgánico inferior ao nivel 28, logo da **negociación** coas organizacións sindicais, de conformidade co disposto ao artigo 32 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral da Función Pública
José María Barreiro Díaz

